



Política corporativa de Queizuar S.L.

Queizuar S.L. é unha PYME fundada en 1990 que desenvolve a súa actividade na fabricación e comercialización de queixos amparados polas Denominacións de Orixe Protexida (DOP) "Queixo Tetilla" e "Arzúa-Ulloa".

A **visión** da empresa para os vindeiros anos é elaborar queixos tradicionais galegos empregando tecnoloxías respectuosas co medio ambiente e apostando pola mellora dos niveis de calidade a través da I+D+i.




A **misión** de Queizuar S.L. é lograr una fábrica baseada 100% na economía circular centrada no aproveitamento das súas materias primas e subprodutos para obter produtos de alto valor engadido, enerxías alternativas e sistemas de aforro enerxético que nos permitan ser máis eficientes e sostibles.



Os nosos **valores corporativos** son:



Tradición



Innovación



Calidade



Sostenibilidade

En liña coa visión, misión e valores de Queizuar S.L., e co fin de garantir os máis altos estándares de calidade e seguridade alimentaria dos nosos produtos, a Dirección da empresa adquire o compromiso de implantar un Sistema de Xestión da Calidade e Seguridade Alimentaria como pilar para a mellora continua e, para poder aplicala, define os seguintes obxectivos xerais:

1. Garantir a seguridade, calidade, legalidade e autenticidade dos produtos, producindo e distribuindo queixos amparados baixo as DOP "Arzúa-Ulloa" e "Queixo Tetilla", cumprindo estritamente cos pregos de condicións das denominacións de orixe e coa lexislación vixente aplicable á nosa industria.
2. Asegurar a calidade e seguridade alimentaria en tódalas etapas do noso proceso produtivo, dende a recepción das materias primas ata o punto de consumo dos produtos finais.
3. Enfoque ao cliente: satisfacer as necesidades e expectativas dos nosos clientes e consumidores, tanto actuais como futuras, ofrecéndolles produtos seguros, legais, auténticos e de máxima calidade,
4. Promover a colaboración cos nosos provedores, baseándonos na comunicación e entendemento, co fin de asegurar a inocuidade das materias primas, ingredientes e envases, así como establecer un servizo seguro, eficaz e de alta calidade para todos.
5. Capacitar e promover a conciencia de todos os empregados nos aspectos de seguridade alimentaria e xestión da calidade, fortalecendo unha cultura de seguridade alimentaria que incentive actitudes éticas, responsables e coherentes en todos os niveis da empresa.
6. Establecer e revisar periodicamente uns obxectivos de calidade para garantir a mellora continua, proporcionando os recursos financeiros e operativos necesarios.

7. Responsabilidade medioambiental: fomentar prácticas sostibles mediante o uso eficiente dos recursos naturais, a redución da xeración de residuos, a prevención da contaminación e a promoción do uso de recursos renovables, contribuíndo á sostibilidade e á redución do impacto ambiental en todas as etapas do proceso produtivo.

En Touro, a 25 de Marzo de 2025,

La Dirección de Queizuar, S.L.